SOCIEDAD DEPORTIVA
ATLETISMO SAN MIGUEL DE OYA
N.I.F. G-36.645.018
Camiño do Currás n.º 34
36390 San Miguel de OYA - VIGO

XLIV TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS EN SAN MIGUEL DE OIA - VIGO

I Memorial Alejandro Gómez Cabral

REGULAMENTO

A Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia, ten o privilexio de convidalos a participar no XLIV Trofeo de Campo a Través que se celebrará o vindeiro día 19 de Decembro de 2.021 a partires das 10:00 da mañá nos campos Loureiro – Camiño da Verdella de San Miguel de Oia, de acordo coas seguintes normas:

Este ano queremos dedicarlle esta carreira a todas as mulleres que participen na categoría absoluta e deporte adaptado do noso cros, e con tal motivo, faremos un sorteo de 4 vales de compra en material deportivo. Entrarán no sorteo todas as mulleres que se presenten na liña de saída na carreira popular as 11:40 da mañá, e que estean debidamente inscritas en dita competición. Para os homes que cumpran as mesmas condicións tamén se sortearan 3 vales de compra en material deportivo.

1º A participación está aberta a atletas federados ou non federados con excepción dos atletas españois con axuda económica da RFEA nin atletas estranxeiros que houberan feito, durante a presente tempada ou as 2 anteriores, unha marca dun valor de 950 puntos ou superior por táboa IAAF vixente (como se detalla no artigo 3.4 do regulamento das competicións da RFEA), salvo permiso expreso concedido. Este punto non é aplicable para atletas (españois ou estranxeiros) con licenza dilixenciada pola Federación Galega de Atletismo.

Celébranse varias carreiras e a hora de saída e distancias a percorrer das probas son as seguintes:

HORA	CATEGORÍA	ANO	VOLTAS	DISTANCIA
10:00	SUB 16 FEMENINO	06-07	1 V. PEQUENA + 1 V. GRANDE	2.100 m.
10:15	SUB 16 MASCULINO	06-07	1 V. PEQUENA + 2 V. GRANDES	3.700 m.
10:30	SUB 14 FEMININO	08-09	1V. GRANDE	1.575 m.
10:45	SUB 14 MASCULINO	08-09	1V. PEQUENA + 1 V. GRANDE	2.100 m.
11:00	SUB 12 FEMININO	10-11	2 V. PEQUENAS (A)	1.075 m.
11:10	SUB 12 MASCULINO	10-11	1 V. GRANDE	1.575 m.
11:20	SUB 10 FEMININO	12-13	2V. PEQUENAS (B)	700 m.
11:30	SUB 10 MASCULINO	12-13	2V. PEQUENAS (B)	700 m.
11:40	CARREIRA POPULAR (Ambos sexos)	01 e anteriores	1V. PEQUENA + 6V. GRANDES	10.000 m.
11:40	CARREIRA ADAPTADA (Ambos sexos)	01 e anteriores	1V. GRANDE	1.575m
12:50	SUB 18 e SUB 20 (Ambos sexos)	02-03-04-05	1V.PEQUENA + 2V. GRANDES	3.700 m.
13:00	PREBENXAMÍN FEMININO*	14-15	1V. PEQUENA	527 m.
13:10	PREBENXAMÍN MASCULINO*	14-15	1V. PEQUENA	527 m.
13:15	OLÍMPICOS FEMENINO *	16-17-18-19	CIRCUITO CHAN	100 m.
13:20	OLÍMPICOS MASCULINO *	16-17-18-19	CIRCUITO CHAN	100 m.
13:30	**ENTREGA DE PREMIOS**			

*Estas carreiras son de promoción non oficiais.

2º As carreiras estarán reguladas baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo.

3º Os dorsais serán facilitados pola organización e deberán levarse en toda súa extensión, sen dobreces que dificulten a súa visión po los Xuíces, sendo o contrario motivo de descualificación.

4º Tódolos clubes, centros escolares ou agrupacións teñen que estar representados por un delegado que deberá presentarse en secretaría como mínimo media hora antes da hora prevista para o inicio da competición a fin de retirar os dorsais e documentación da mesma.

5º **As inscricións faranse na páxina web** Carreiras Galegas tendo como fecha límite o día 17 de decembro as 20:00 horas, onde deberán indicar os datos da inscrición requiridos. Carreira popular, máximo 300 participantes.

6º Premios. Para todas as categorías entregaránselle trofeo os tres primeiros de cada categoría e sexo e medalla ó resto dos participantes.

Na carreira popular entregaranse trofeos os tres primeiros das seguintes categorías, tanto feminino como masculino:

A- Nados entre os anos 2.001 e 1.988.

B- Nados entre os anos 1.987 e 1.979.

C- Nados entre os anos 1.978 e 1.970.

D- Nados entre os anos 1.969 e 1.961.

E- Nados entre os anos 1.960 e 1.954

F- Nados entre os anos 1.953 e anteriores.

Os vales do material deportivo serán os seguintes:

Para as mulleres	Para os homes
1 vale en material deportivo de 150€ 1 vale en material deportivo de 100€ 1 vale en material deportivo de 75€ 1 vale en material deportivo de 50€	1 vale en material deportivo de 150€ 1 vale en material deportivo de 100€ 1 vale en material deportivo de 75€

7º Os premios individuais non serán acumulables.

8º A proba está cuberta cun seguro de responsabilidade civil obrigatorio e seguro de accidentes.

9º A organización desta proba non se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así como das neglixencias que poidan cometer durante o seu transcurso.

10º As reclamacións sobre de este regulamento e outras incidencias non contempladas no mesmo faranse de acordo cos regulamentos da WA, RFEA e FGA en vigor.

11º A inscrición nesta competición implica a aceptación do presente regulamento.

Outras disposicións:

As carreiras cumprirán en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola COVID-19, partindo do protocolo FÍSICOVID–DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte con data do 1 de decembro de 2021, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da COVID19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

VºBº a Delegación da FGA en Vigo

S.D.A. San Miguel de Oia

O Director Técnico